



SITUACIÓN ACTUAL DA PESCA

en Galicia



2.1.- Recursos pesqueiros



Este primeiro apartado trata de analizar, dende un punto de vista científico, a situación dos stocks pesqueiros na actualidade e as implicacións que podería ter na actual reforma da Política Común Pesqueira.

As pesquerías, para ser unha actividade sostible económica e socialmente, debe ser sostible bioloxicamente xa que, ó actuar sobre recursos biolóxicos, estes poden colapsarse se non se coídan. O factor de control biolóxico é a mortalidade da pesca: “a capacidade de matar das flotas”.

As tres fórmulas para reducir a mortalidade da pesca son a redución das capturas, a diminución do esforzo pesqueiro en capacidade (despezo) ou en actividade (tempos de pesca), e os cambios dos tipos ou esquemas de explotación (sistemas e artes utilizados).

En xaneiro de 2002, o Parlamento Europeo aprobou unha resolución na que reclamaba unha política de pesca baseada nunha xestión racional e responsable dos recursos con fundamento na protección das poboacións de peixes e no mantemento das formas de vida das persoas que dependen do mar e que salvagarde o principio fundamental que se deriva destes obxectivos.

Dedúcese que a reforma da política pesqueira común (PPC) non debe acadarse sen ter en conta as dimensións económica, social e medioambiental da actividade pesqueira e sen a debida aplicación dos principios de transparencia, participación, responsabilidade, eficacia e coherencia.

A combinación destes elementos no marco da pesca responsable debe ter en conta as tres

dimensións que integran o concepto de sostenibilidade: biolóxica, social e económica.

No que respecta á dimensión biolóxica, o aproveitamento do recurso non debe superar as posibilidades de crecemento neto da poboación, e a biomasa non debe descender por debaixo do denominado “punto límite de referencia establecido”.

No contexto da protección do medio ambiente, o concepto do enfoque precautorio consagrouse na Declaración de Río da Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e Desenvolvemento, que di: *“Co fin de protexer o medio ambiente, os Estados deberán aplicar amplamente o criterio de precaución conforme as súas capacidades. Cando exista perigo de dano grave ou irreversible, a falla de certeza científica absoluta non deberá utilizarse como razón para postergar a adopción de medidas eficaces en función dos custos para impedir a degradación do medio ambiente.”*

O Comité Científico Técnico e Económico da Pesca (CCTEP) asesora á Unión Europea nas medidas de xestión, a partir dos informes biolóxicos do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM /ICES). Nos termos xerais pódese dicir que o CIEM considera a recuperación a curto prazo dos recursos como o único obxectivo, sen ter en conta outras consideracións de índole socioeconómica.

Algúns países altamente dependentes da pesca consideran as posibilidades de recuperación dos recursos a medio e longo prazo, o que permite compatibilizar mellor as dimensións económica e social da actividade pesqueira coa dimensión biolóxica. Neste senso, a investigación pesqueira debe estar interesada na pesca como sistema, incluíndo ademais das investigacións biolóxicas (coñecer o ciclo da vida do recurso, calcular os niveis de captura por especie que pódense obter de cada stock, predicir os cambios que se producen na dispoñibilidade do recurso, programa-la explotación racional, evita-la sobrepesca ou o subaproveitamento e establece-los períodos de veda ou outras medidas para regula-

menta-la captura conservando os recursos), as de tipo tecnolóxico por unidade de pesquería e por unidade de pesca (recursos, embarcacións, aparellos, plantas de procesamento) e as económicas e sociais (situación socioeconómica das zonas pesqueiras, así como das organizacións e as industrias que operan nelas).

Por un lado, o propio documento de reforma da PPC expresa que *“os dictames científicos recomentan unha redución do esforzo pesqueiro de ata 60% nalgunhas pesquerías comunitarias importantes”* e, por outro lado, prodúcese un recoñecemento explícito de que se necesita mellora-la calidade da información científica, o que supón un recoñecemento implícito de que a información científica que actualmente se utiliza non é moi fiable. Outros estudos recomentan reducións só do 40%.

No campo da ordenación da pesca, o principal reto consiste en fixar cotas de captura que se correspondan co criterio de precaución e cos modos de aplicación deste. Unha das condicións previas fundamentais para a consecución deste obxectivo é que os coñecementos necesarios estén o suficientemente establecidos como para dar resultados fiables sobre os que basear opinións científicas autorizadas.

En xeral, o enfoque de precaución atende principalmente á dimensión biolóxica e, en moita menor medida, ás dimensións sociais e económicas. En definitiva, o criterio de precaución pode aplicarse dunha maneira ríxida, sen ter en conta as implicacións sociais e económicas que pode ter nas zonas costeiras altamente dependentes da pesca como Galicia, ou pode aplicarse mediante a incorporación doutros factores que contemplan a sostenibilidade do recurso, do pescador e das empresas.

O Código Internacional de Conduta para a Pesca Responsable, (FAO 1995), establece que as medidas de conservación e ordenación deben basearse nos datos máis fidedignos dispoñibles e estar concibidas para garantir a sostenibilidade a longo prazo dos recursos pesqueiros e para promover-lo obxectivo dunha utilización óptima dos

mesmos e manter a súa dispoñibilidade para as xeracións actuais e futuras.

O modelo de pesca responsable debe basearse na investigación pesqueira que examine a sustentabilidade biolóxica, económica, social e institucional.

O criterio de precaución, conceptualmente aceptado, non permite unha aplicación consensuada debido á falla de datos que necesita a investigación pesqueira para emitir informes científicos coa suficiente calidade. A aplicación do criterio de precaución sobre ditos informes pode dar lugar a medidas desproporcionadas de diminución do esforzo pesqueiro.

As propostas presentadas á Comisión en relación ca reforma da PCP definen o que é o esforzo pesqueiro como o produto da actividade e da capacidade da flota; definen tamén a capacidade, pero non definen o que é a actividade. O feito de non defini-la actividade ou os sistemas de aplicación parece que leva a que toda a aplicación debe basearse no que se denomina redución da capacidade pesqueira.

O Instituto Oceanográfico de Vigo e Centro de Investigacións Mariñas considera que, aínda que é necesario equilibra-la mortalidade por pesca, esta mortalidade pode reducirse por diversos medios, dos que un é a capacidade pesqueira.

A mortalidade por pesca pode reducirse, entre outros métodos, a través de capturas máximas ou esquemas de explotación, isto é, a través de mallas axeitadas, anzois de tamaños axeitados, tamaños e formas determinadas das artes de pesca, protexendo zonas de concentración de xuvenís ou zonas de concentración de reprodutores. Outro sistema sería fixando tallas mínimas de captura, e tamén limitando o esforzo pesqueiro.

O esforzo de pesca, tal como define a proposta da Comisión, pódese entender por actividade, que se pode definir por tempo de uso dos medios; da capacidade, que normalmente se usa como tonelaxes ou potencia de motores; e, non

necesariamente de forma única ou prioritaria, a redución da capacidade pesqueira.

Tamén se di que o proceso de decisión ten que estar baseado nas actuais informacións científicas e, sobre todo, nos informes do Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca da Comisión Europea.

En relación á postura do Instituto Español de Oceanografía, considérase que existe unha vinculación entre a reforma da política pesqueira común e o estado dos recursos nas augas comunitarias; en ningún caso hai ningunha recomendación científica que implique que haxa que facer un despece ou un recorte da flota.

As recomendacións científicas baséanse na redución da mortalidade pesqueira, e a mortalidade pesqueira pódese reducir por diferentes xeitos, como xa se sinalou. Un xeito doado é o despece, pero aínda, cientificamente, non se fixo ningunha valoración do que significaba a redución do esforzo pesqueiro relacionado coa redución da mortalidade pesqueira.

O Consello Científico da Xestión de Pesquerías, dende 1998, baséase no criterio de precaución. O criterio de precaución define unha liña que son uns límites ecolóxicos que se definen como biomasa de precaución. Estímase unha cantidade determinada no mar por riba da que se ten que mante-lo stock a ese nivel de biomasa reproductora. Considérase que por debaixo desa biomasa reproductora o stock está en perigo. Se a mortalidade pesqueira que se exerce está por riba da mortalidade pesqueira de precaución, o stock está fóra dos límites biolóxicos de seguridade. Se se unen estes dous factores considérase que se ten que facer un plan de recuperación.

No plan de recuperación tense que definir un tempo para leva-lo stock a esa situación de criterio, e a única vía é reducindo a mortalidade pesqueira. Non se quere dicir con isto que esa mortalidade pesqueira ten que reducirse a través do despece, pódese reducir a través de medidas técnicas determinadas, empezando por TAC, limita-

ción do tempo de pesca e regulamentación das artes pesqueiras.

Cientificamente, a pescada está nunha situación de plan de recuperación, poñéndose de manifesto a existencia dunha situación para a pescada de puntos de referencia inapropiados, estando en discusión a forma de desenvolverlo plan de recuperación. Non se pode esquecerlo feito de que a flota do Gran Sol é unha flota multiartes e pesca diferentes especies, é multiespecífica, e a regulamentación estase facendo monoespecificamente en base á pescada, existindo especies como o gallo ou o rape en situación aceptable.

En relación á flota do litoral, o caladoiro nacional, en relación ás especies demersais, está sobreexplotado.

O Comité Científico Técnico e Económico da Pesca fixo un estudio no ano 2001, sobre 240 poboacións de peixes explotadas: sobre 120 non se tiña información suficiente; das 120 restantes, 80 estaban fóra dos límites biolóxicos seguros e só 40 estaban dentro dos límites de seguridade, o que dá idea da insuficiencia da información. Por outra banda, non se ten constancia da utilización das recomendacións científicas á hora de determina-lo número de buques a retirar. ■